



2020

BARÓMETRO

PERCEPCIÓN E CONSUMO DE ALIMENTOS
ECOLÓXICOS EN GALICIA



TIPO DE ENQUISA

Enquisa telefónica asistida por sistema CATI.



UNIVERSO

Poboación galega maior de 18 anos con responsabilidades na compra cotiá de alimentos do fogar.



DATA

O traballo de campo foi realizado no último trimestre de 2020.



MOSTRA: 900 enquisados


- **ERRO:** 3,3% cun nivel de confianza do 95%.
- **SELECCIÓN:** por mostraxe aleatoria simple.
- **AFIXACIÓN:** Proporcional por tamaño do concello, sexo e idade dentro de cada un dos estratos cun total de 24 cotas.





Compra de Alimentos

(convencionais+ecológicos)




Datos 2020

Con moita diferenza, e independentemente do tamaño do municipio, o establecemento de compra preferido é o **supermercado máis próximo ao fogar**.



> Criterios de compra dun produto alimenticio




Datos 2020

O factor decisivo na compra dun alimento é a súa **calidade**, seguido do **prezo**.

A **calidade** é o criterio determinante para **tódolos grupos de idade**, aínda que o seu peso específico é moito **maior no grupo de maior idade** (máis de 65 anos), en detrimento do prezo.



> Adxectivos que transmiten imaxes máis positivas dun alimento



A vinculación a Galicia que representa "**do país**" segue a ser o adxectivo primordial para reflectir o aspecto máis positivo dun alimento.

Os valores porcentuais de "**Saudable**", "**Ecolóxico**" e "**Natural**", tenden a situarse nuns valores moi próximos entre si e que parecen apuntar á súa posible sinonimia.




Coñecemento e percepcións dos alimentos ecolóxicos





Ano 2020



Ano 2010




Os alimentos ecolóxicos son **coñecidos** pola **práctica totalidade** da poboación.

Os **niveis educativos máis altos** melloran a porcentaxe xeral de coñecemento dos alimentos ecolóxicos.

Nos **concellos cun tamaño menor** o coñecemento dos alimentos ecolóxicos queda por debaixo da media xeral.




> Como chegou a coñecelos




Segue a tendencia da **redución da influencia dos medios de comunicación**, en favor da referencia e influencia de **familiares e coñecidos**, ou **presenza nos lugares habituais de compra**.



> Características asociadas aos alimentos ecolóxicos




Datos 2020



Claro predominio dos **adxectivos positivos** fronte aos **negativos**.

A característica máis sinalada é que están **libres de químicos nocivos ou pesticidas**, seguida pola súa consideración como alimentos máis **sans** e de orixe natural.

Baixa a percepción de **produtos caros** (11,5% en 2020 vs 36,4% en 2014).



Datos 2020

Para os consumidores con **estudos secundarios ou superiores** a confianza na certificación increméntase de xeito notable con respecto aos de menos estudos.


As persoas entre **35 e 49 anos** son as que máis confían na certificación. **A partires dos 65** esta confianza redúcese.

Aquelas persoas que **buscan a certificación ou len a composición** son tamén as que maior confianza teñen na certificación.



Perfil do consumidor ecológico






Datos 2020

O 38,4% consume alimentos ecológicos **tódalas semanas**, dos cales ata un 11,4% consúmeos **a diario**.

Respecto do último barómetro, **reduciuse o peso** das persoas con **menos frecuencia** de consumo (**nunca** ou **inferior a unha vez ao mes**), e sobre todo **aumentaron** aquelas persoas que din consumilos **máis frecuentemente** (dende unha vez cada 2-3 semanas ata 2-3 veces por semana).

> Consumidor vs. Non consumidor



Por primeira vez, a porcentaxe de consumidores **supera** á de non consumidores.


Aínda que a diferenza é feble, non é puntual, senón que ven explicada por unha **tendencia** que está a crecer na **última década**.



O consumo ecológico



> Tipo de alimentos máis consumidos




Datos 2020

Non hai cambios significativos sobre os alimentos máis consumidos, pero comparando co barómetro de 2017 obsérvase un aumento no consumo de **lácteos e conservas**.

O resto de alimentos perderon peso porcentual, aínda que destaca especialmente o descenso no consumo de **ovos**.



> Lugar habitual de compra de alimentos ecológicos




O **supermercado** segue a ser o lugar principal de compra de alimentos ecológicos, algo que é correspondente co lugar habitual de compra de alimentos en xeral.


A compra no supermercado é igual á suma dos catro seguintes lugares.

As compras en **internet**, **herboristerías**, e **tendas gourmet** son anecdóticas, non chegando en conxunto ao 6%.

Datos 2020



> Razón principal no consumo de alimentos ecológicos




A **saúde**, como estamos a sinalar, é un motivo principal, ata o punto de que aumentou o peso que representa respecto do resto de motivacións (máis dun 41% basea a súa compra de alimento ecolóxico no feito de que son máis **sáns**).

Cuestións como o **sabor** ou a **calidade**, perderon certa importancia como motivos de compra, ao contrario que as **razóns de sostibilidade**, co maior incremento.



> Razóns para non aumentar o consumo




En clave negativa, o motivo principal, entre os consumidores habituais, para non consumir un maior volume de alimentos ecolóxicos é o **prezo**, sinalado en máis da metade das respostas.

O descenso máis importante refírese á porcentaxe de persoas que sinalan que **non consideran necesario** consumir alimento ecolóxico, xa que outros produtos non eco, se atribúen no seu marketing **adxectivos propios dos ecolóxicos**, o que os equipara inxustamente.

Datos 2020




> COVID-19: cambio hábitos de consumo nos alimentos ecolóxicos



Datos 2020

En xeral, a incidencia do COVID-19 é escasa, se ben un **10% aumentou o consumo** dos alimentos ecolóxicos en 2020.

Solápanse coa resposta da motivación para cambiar de hábitos de consumo: principalmente por **motivos de saúde**.





C.R.A.E.GA.

Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia

Ronda M^a Emilia Casas Baamonde, s/n. Edificio Multiusos
27400 Monforte de Lemos (Lugo)
982 405 300
craega@craega.es
www.craega.es



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL